



PROGRAMA  
SINFÓNICO  
DE  
PRIMAVERA  
Temporada 2012 - 2013



## PROGRAMA SINFÓNICO DE PRIMAVERA - TEMPORADA 2012 -2013

### CLAUSURA DE TEMPORADA

**CONCERTO Nº 4**                      **24 de xuño de 2013**  
**20:30h.**

#### **Auditorio Martín Codax**

Conservatorio Superior de Música de Vigo  
Rúa Manuel Olivie, 23. **Vigo**

**CRISTINA HALL**, Coreografía e baile

**ALEJANDRO GARRIDO**, Dirección e composición

A Orquesta Vigo 430 pon o broche final á súa Temporada 2012-2013 co último concerto do Programa Sinfónico de Primavera pondo en escena para esta ocasión un programa moi especial para dar a benvinda ao verán: a estrea da peza *Cócteles*, unha creación do director titular da Orquesta, Alejandro Garrido, especificamente composta para a súa interpretación por parte dos músicos da Vigo 430 e que será acompañada por unha coreografía da prestixiosa bailarina Cristina Hall que traballou man a man con Garrido para configurar este solo de danza de corte flamenco.

Esta será a primeira vez que a Orquestra realiza unha interpretación acompañada de danza continuando así a súa aposta polo traballo interdisciplinar. Igualmente segue potenciando a posta en escena de obras contemporáneas e de nova creación que están presentes todos os anos nos seus programas. E desta volta dun xeito moi especial, dado que volve a ser o noso director, Alejandro Garrido, o autor escollido. Se de por si Alejandro é un dos directores que mellor sabe aproveitar as potencialidades da orquestra estamos seguros de que a composición realizada, ao estar pensada directamente para a súa execución por parte da orquestra, será un verdadeiro alarde de virtuosismo e creatividade que levará aos pentagramas ese brillo e viveza que solo él sabe sacar dos músicos da 430.

Con este concerto tan especial todo o equipo da Orquestra Vigo 430 quere dar as grazas ao Concello de Vigo por manter o seu apoio ao noso proxecto ano tras ano e programa tras programa dado que sen a súa financiación non sería posible materializar a nosa ilusión pola música. E dun xeito moi especial queremos agradecer a todas as persoas fieis asistentes aos concertos desta temporada que chega ao seu fin, e que unha vez máis a través do seu aplauso demostran un enorme entusiasmo e grande benquerenza polo noso traballo.



## PROGRAMA

### Primeira parte

Johann Sebastian **BACH**

#### Concerto de Brandemburgo Nº3

*Allegro*

*Adagio*

*Allegro*

Alejandro **GARRIDO**

#### Cócteles

Coreografía: **Cristina Hall**

Pausa

### Segunda parte

Franz Joseph **HAYDN**

#### Sinfonía Nº 100 en Sol maior "Militar"

*Adagio; Allegro*

*Allegretto*

*Menuetto: Moderato*

*Presto*

## NOTAS AO PROGRAMA

O terceiro Concerto de Brandeburgo é quizá o máis popular de toda a serie. Conserva a influencia italiana que se observa tamén no segundo concerto, aínda que cun cambio importante no persoal orquestral, pois Bach prescinde nesta ocasión dos instrumentos de vento para dar todo o protagonismo ás cordas.

Todo aquí constrúese a partir dunhas células rítmicas mínimas que constitúen a base dos distintos temas melódicos, traballados contrapuntísticamente, cos dous distintos grupos de instrumentos ora separándose, unhas veces opoñéndose, outras uníndose nun tutti. Toda unha lección, pois, de como pode compoñerse unha obra partindo dos elementos máis simples e mínimos. E para mínimo, o segundo movemento, indicado *Adagio* na partitura, pero que únicamente consta de dous acordes, un inicial e outro final, polo que se cre que Bach deixaba este espazo libre á improvisación do intérprete, en especial do primeiro violín ou do clavecinista encargado do baixo continuo. No terceiro e último movemento, a danza parece apropiarse da partitura, case coma se tratásese dun tempo de suite.

Alejandro Garrido compuxo a obra "Cocteles" para servir de trasfondo musical á coreografía da bailarina estadounidense Cristina Hall. Trátase dunha creación ecléctica, con retazos de obras de grandes compositores (Britten, Stravinsky, Bach, Schumann, Ives...) e grandes poetas (Neruda, Benítez Reis, Gamoneda, Outeiros...) que hilvana con baile de feminina agulla partes da historia da música occidental que se atopan discretamente presentes na nosa cultura. A continuación deixamos algúns dos textos que foron a principal inspiración de Garrido e Hall para a presente creación:

1º

*¿Por qué sonríe el campo cuando llora el cielo?*

*La pregunta es un ruido inútil en el idioma que sucede a la juventud*

2º

*La mejor prueba de que todo es uno y de que uno es todo, es pensar en nuestro corazón, en nuestro frágil corazón de carne, que, sin embargo, late y late durante años. ¿Cómo se puede concebir sólo el corazón como un "mecanismo" rítmico y perfecto, y no como lo que realmente es: un pequeño milagro del milagro de la totalidad? Armonía palpitando en la armonía.*

3º

*En su luz, sueña la luna con su planeta desconocido*

4º

*Reina de mi sangre, voluntad de amargura,  
juventud derrotada por un reino de sombra,  
te meces en mis brazos como un mar, incesante  
como el mar me nombras.*

*En mí acaba tu cuerpo. Hay palabras oscuras  
habitando tus ojos. Desnúdate en mis manos.*

*(Viene la noche. Es*

*la hora de perderme en tu cabello y tu llanto)*

A Sinfonía n.º 100 en sol maior, Hoboken I/100, é a oitava da serie de doce sinfonías tituladas Sinfonías de Londres (números 93-104) composta por Joseph Haydn. Completoouse en 1793 ou 1794 como parte da serie de sinfonías compostas na súa primeira viaxe a Londres. Coñécese popularmente como a Sinfonía Militar. O subtítulo “Militar” deriva do segundo movemento, que presenta remarcables fanfarrias para trompetas en do e efectos de percusión. Un crítico escribiu tralo estreo que o segundo movemento evocaba o “infernai murmullo da guerra aumentando a un clímax de horrible sublimidade!”

## **A COREÓGRAFA E BAILAORA**

**CRISTINA TERESA HALL** comeza a súa formación artística como bailaora aos dezaseis anos na súa cidade natal San Francisco, California. En 2001 trasládase a Sevilla, onde continúa os seus estudos de flamenco con artistas consagrados da talla de Andrés Marín, Manuela Ríos, Israel Galván, Eva Yerbabuena, Antonio Canles, Manuela Carrasco, Farruquito, Rafaela Carrasco, entre outros.

En 2004 participa no espectáculo de Israel Galván Torero A o-Lucinógeno no Teatro Central de Sevilla. En 2006 participa como solista no mes da danza en Sevilla, onde forma parte do II Encontro Internacional da Muller no Teatro. En 2008 actúa como artista invitada no espectáculo Calello das Moradas, creación do cantaor Raúl Micó, no Teatro Chapí de Villena, Alacante.

En 2009 crea un espectáculo propio, O Son do Silencio, no que a creación artística e o traballo coreográfico son xa moi persoais. Con esta obra consegue un gran éxito e unha boa acolleita



entre público e crítica, e decide iniciar unha xira por varios escenarios de Canadá e Estados Unidos. Á súa vez traballa con distintos artistas e compañías do flamenco e outras disciplinas, dentro e fóra da xeografía española. En 2010 forma parte da programación do CAAC Off Biental de Sevilla co seu espectáculo *Ensueño*. En 2011 é nomeada como finalista no concurso internacional *Global Dance Contest* do *Saddler's Wells Theater* de Londres coa peza *Blackbird*. En 2012 participa no innovador festival *Flamenc Empiric* no *Mercat de lles Flors* de Barcelona. Recientemente foi galardonada co Segundo Premio do I Concurso de Baile Flamenco *As Carboeiras* de Madrid. En marzo de 2013 colabora con Manuela Rios no Festival de Jerez co espectáculo *Consolo de Penas*.

## **O COMPOSITOR E DIRECTOR**


**ALEJANDRO GARRIDO.** Nacido en Sevilla, comeza os seus estudos musicais nesta cidade co profesor Fernando España, continuándoos no Conservatorio Nacional de París baixo a dirección de Bruno Pasquier e Christophe Coin, onde consegue o primeiro premio de viola en 1998. Entre 1999 e 2001 traballa na *Hochschule* de Frankfurt coa prestixiosa violista Tabea Zimmermann.



Alejandro Garrido actuou como solista acompañado pola Nova Orquestra Nacional de España, Orquestra Bética de Sevilla, *Ensemble Barcelona 216*, Orquestra Sinfónica de Tenerife, Orquestra de Premios do Conservatorio de París, Orquestra Cidade de Granada, Orquestra Sinfónica de Gran Canaria, *Orquestra des Arts* e Orquestra Barroca de Mallorca. Tamén colaborou coa Orquestra da Bastilla, *Mahler Chamber Orchestra*, Orquestra de Cadaqués e *Ensemble Intercontemporain*, onde traballa con músicos como Claudio Abbado, Bernard Haitink, Pierre Boulez, Sir Neville Marriner e Barry Sargent. foi ademais viola principal e solista da Orquestra de Radio Televisión Española. adquiriu unha ampla experiencia en música de cámara no seo do cuarteto *Diotima* en París tocando en festivais en España, Francia, Portugal, Alemaña, Inglaterra, Suíza, Italia e Xapón.

Alejandro Garrido é actualmente profesor de viola no Conservatorio Superior de Zaragoza, que compaxina con unha intensa actividade concertística internacional (colaborando habitualmente coa Orquestra de Cadaqués, *Mahler Chamber Orchestra* e *BandArt*) e coa dirección musical da Orquestra Vigo 430.

## A ORQUESTRA VIGO 430



Foi creada no ano 2005, partindo coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para xa a partir do 2008 abordar progresivamente o repertorio sinfónico. A orquesta está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da canteira musical do noso país, que cursan os seus últimos anos de carreira previos á súa incorporación ao mundo profesional. A orquesta considerou este aspecto como un trazo significativo da evolución e o grao de consolidación da música orquestral profesional da nosa sociedade, por canto demostra que é perfectamente posible conseguir un alto nivel de calidade con profesionais da propia terra, formados no noso sistema; contando ademais con músicos foráneos que, con carácter de invitados e pola súa excepcional calidade, enriquecen o seu labor formativo, creativo e divulgador. Na actualidade o seu elenco vai (segundo o repertorio a interpretar) desde os 17 músicos da pequena orquesta de cámara necesaria para abordar o repertorio barroco ata os 50 que compón a formación sinfónica. A orquesta ten como director artístico a Javier Escobar e como director musical a Alejandro Garrido, un dos máis relevantes músicos novos do noso país.

No período que vai desde a súa creación ata hoxe en día, a Orquesta Vigo 430 foi recoñecida pola prensa e o público polo seu rigor e audacia na interpretación, así como pola súa frescura e vitalidade no escenario. Os seus programas de concerto reúnen música de diferentes épocas, autores e estilos, destacando o seu achegamento á música do século XVIII e XIX con criterios historicamente informados.

Como mostra de todo este traballo pódese atopar no mercado o primeiro disco da orquesta, así como numerosos vídeos en Youtube ou Vimeo de diversos concertos, que dan mostra do nivel de excelencia conseguido grazas ao traballo realizado neste tempo. A crecente fama da Orquesta fai que sexa cada vez máis requirida para distintos proxectos e gravacións discográficas.